

Varanda de palabras

Dóres Tembrás

[ver versión en castellano](#)

Amor, non é unha mancha, é unha constelación. E mirábasme asombrado mentres percorríamos co teu índice aquel camiño de folerpas entre o peito e o ombreiro esquerdo. O norde, o norde do norde no teu corpo.

Terías unhas semanas cando a vin por vez primeira. Pareceume extraordinaria. Unha constelación presa no peito coa levidade das primeiras faíscas suspensas no ar. As folerpas, as palabras. O único que teño son palabras. Tamén para ti, unha varanda de palabras con pinzas de pau venteando no esterno. E na memoria, de súpeto, Göteborg en novembro, -9º. Cando ti aínda non.

Por iso foi inevitábel facer que a deusa do inverno Skade viñera onda ti. Unha heroína

de cabelo longo e pel albar. Unha deusa que apaña estrelas na noite pendurándoas na cabeleira longuísima, para convertelas en neve á mañá, sacudíndoas do cabelo mentres baila entre nubes.

Foi nunha noite de febre que deixei aberta a fiestra do teu cuarto para aliviarche a calor. Dende o ceo Skade viute espido no berce, tan fermoso que non puido evitar entrar para mirarte de perto. Fascinada coa túa pel de pexego, de apenas unhas semanas, pousou os seus dedos no teu peito. O contacto provocou que o feixe de estrelas que aínda levaba nas mans se convertera nunha ducia de diminutos hexágonos luminiscentes.

Has de saber, díxoche, que ás veces unha

constelación celeste é atrapada por unha pel, para que as coordenadas non se perdan, a pel de nenos e nenas de todo o mundo garda os mapas lácteos.

Has de saber que no inverno o patrón estelar será invisíbel aos demais, só eu poderei ler as coordenadas para ir apañar estrelas, pero no verán igual que as perseidas todos poderán ver e seguir o rego de luz no teu peito, e non nevará.

Cabaleiro do inverno, dende hoxe, gardarás, branco sobre branco, o camiño ao norde. Serás custodio desta constelación para sempre.

Mirábasme asombrado.

Quen sabe, quizáis chegue o día no que alguén pronuncie as palabras mosaicismo hipopigmentado. Pode que entón ti lle fales de Skade, das folerpas do norde, dos ronseis de estrelas que nos fan únicos e digas: non é unha mancha, é unha constelación.

Para Romeu, que xa llo conta a Duarte.
E ás nenas e nenos con constelacións.